



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Edificio O Ribeiro
Rúa do Carballeiro s/n
Tel: 988 788 266
Tel: 988 788 273
32400 RIBADAVIA (Ourense)

Edificio Abrente
Rúa Immans Álvarez Araujo, 5
Tel: 988 788 460
Tel: 988 788 466
32400 RIBADAVIA (Ourense)

galicia
ies.oriheiro@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/iesoriheiro/

ELECCIÓN DOS/AS REPRESENTANTES DE ALUMNOS/ALUMNAS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG Núm. 187, do 30 de setembro de 2022), pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS E ALUMNAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS alumnos/alumnas**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar. Unha dos representantes do alumnado continúa como consecuencia da súa elección no ano 2021. Os dous alumnos/as máis votados entrarán por renovación e o terceiro máis votado entrará para substituír a un alumno que causou baixa no consello escolar por non estar matriculado no centro.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data estará exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata ás 14 horas do día 10 de novembro de 2022.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata ás 14 horas do día 13 de novembro de 2022.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidatos/as, o día 11 de novembro de 2022, ás 11:30 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e dous alumnos/alumnas, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 17 ao 22 de novembro de 2022, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos/as candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os/as alumnos/as matriculados no Centro, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 25 de novembro de 2022, de 9.10 a 14.10 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 9.00 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un **máximo de UN NOME** dos/as candidatos/as presentados/as. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ribadavia, a 3 de novembro de 2022

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Ana Belén Álvarez Álvarez

